

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS

Elevouse a definitivo, por non se presentaren reclamacións, o Acordo Plenario adoptado na sesión extraordinaria do día 5 de decembro do 2024, sobre a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos das piscinas municipais.

O acordo de exposición ao público do expediente publicouse no Boletín Oficial da Provincia do día 11 de decembro do 2024, núm. 238 e o expediente completo expúxose ao público desde o día 12 de decembro de 2024 ata o día 10 de xaneiro do 2025, ambos os dous incluídos.

Para os efectos do artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o acordo definitivo e o texto da modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la taxa pola prestación dos servizos das piscinas municipais do Concello de Castrelo do Val, e que se transcribe a continuación.

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos das piscinas municipais

Infórmase da memoria da Alcaldía que xustifica a aprobación, e dos informes favorables da Secretaría-Intervención.

O Pleno, por unanimidade dos seis membros presentes (5 PSdG-PSOE e 2 PP) dos sete que legalmente o forman, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos das piscinas municipais.

Segundo. Expoñer ao público o presente acordo provisional e o texto da Ordenanza modificada polo prazo de trinta días hábiles, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, mediante o anuncio que se publicará no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello; durante o dito prazo, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da inserción do edicto no BOP, os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas. E no caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Se existisen reclamacións, o Pleno resolverá sobre estas e adoptará o acordo definitivo que proceda, de acordo co artigo 17.3 da devandita lei.

Terceiro. Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións a el e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 da citada lei, e publicar a modificación da Ordenanza no BOP.



Cuarto. A referida modificación da ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo

Texto da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos das piscinas municipais

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria será a que resulte da aplicación da seguinte tarifa:

Diaria

Nenos de 3 a 12 anos: 1,00 euro

Maiores de 12 anos: 1,50 euros

Castrelo do Val, 29 de xaneiro de 2025. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

R. 205

